



Obradoiro III. “Medindo Impactos Alcance 3 da pegada de carbono e pegada hídrica”



08 outubro 2025



09.30h – 14:00h



Hotel Palacio del Carmen

Clusaga, en colaboración coa **Consellería de Medioambiente e Cambio Climático** no marco da **Alianza Galega polo Clima**, e con **Vegalsa-Eroski** como empresa tractora, organiza a segunda sesión do **Programa para a sustentabilidade e descarbonización da industria alimentaria galega**.

Este obradoiro pretende que as empresas alimentarias sexan capaces de entender os fundamentos para calcular a pegada de carbono dunha organización conforme ao GHG Protocol e, sobre todo, que comprendan as distintas categorías nas que se divide o alcance 3, sendo capaces de relacionalas coa súa cadea de valor e determinar cales poden ser máis relevantes para a súa organización. As empresas alimentarias poderán afondar nos conceptos vistos e debater acerca de posibles solucións.

No caso da pegada hídrica, o obxectivo é que comprendan os fundamentos básicos de maneira que poidan calculala por si mesmas (no caso de non ser complexa) ou que, en calquera caso, poidan coordinar a xeración e recollida dos datos necesarios para poder facer o cálculo.

Para participar neste ciclo de obradoiros enmarcado no programa **Proalis Carbon**, de carácter gratuíto, é necesario inscribirse a través do seguinte formulario para realizar un autodiagnóstico previo.

Más información

✉ circular@clusaga.org

📞 682 616 021

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

PROGRAMA

- | | |
|-------|--|
| 09:30 | Bienvenida
Perla Ferrer I Clúster Alimentario de Galicia |
| 09:40 | Obradoiro III. “Medindo Impactos Alcance 3 da pegada de carbono e pegada hídrica” <ul style="list-style-type: none">- Fase teórica: descrición dos conceptos xerais de pegada de carbono, categorías de cálculo e relación coa cadea de valor.- Fase práctica e interactiva: abordarase a través do método do caso centrado en escenas dunha hipotética organización do sector alimentario. Traballarase na obtención de datos para o cálculo do alcance 3 da pegada de carbono, así como en metodoloxías, fontes de información e ferramentas aplicables para o cálculo da pegada hídrica dun proceso e de produtos. Abordarase tamén a elaboración de informes de exposición de resultados de ambas as métricas estudadas. |



XUNTA
DE GALICIA



ALIANZA
GALEGA
POLO CLIMA



COLABORA:

